

Expediente nº 2613/2020

ANUNCIO  
CONTRATACION LABORAL TEMPORAL

**Postos:** 1 traballador@ social por período de **6 meses e a xornada completa**, asimilado a un Grupo A2 de funcionarios.

- O contrato realizaráse pola modalidade de acumulacion de tarefas, art. 1 do RD 2720/1998 de 18 de decembro, do seguinte xeito:

- As funcións obxecto do contrato serán as propias deste persoal nos Concellos baixo a dirección dos responsables municipais dos Servizos Sociais.

- As retribucións mensuais íntegras serán segundo convenio.

-A publicidade da convocatoria realizaráse mediante oferta dirixida aos Servizos Públicos de Emprego e anuncio no taboleiro do Concello, sede electronica da web municipal do Concello de Ribadeo e na web da Deputación Provincial de Lugo.

**- Requisitos dos aspirantes:**

\* **Xerais:** Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público ( aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro, BOE do 31/10/2015).

\* **Específicos:**

Estar en posesión da seguinte titulación: Diplomatura Universitaria en Traballo Social ou Grado en Traballo Social. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación..

Carnet de conducir clase B1

**As persoas a contratar a través deste programa producirán novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada.**



**Deberá acreditarse convenientemente coa documentación de demandante de emprego dos Servizos Públicos de Emprego.**

**CRITERIOS DE SELECCION:**

**1. Proba escrita: Puntuación máxima 10 puntos.**

**De carácter obligatorio e eliminatorio.** Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 30 minutos, un cuestionario de 20 preguntas tipo test baseadas no contido do programa, que figura como Anexo I, da convocatoria, con respostas alternativas sendo só unha delas correcta, fixadas polo Tribunal antes da realización da proba, podendo preverse 2 preguntas adicionais de reserva que serán valoradas no caso de que se anule algunha das 24 anteriores.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos/as aspirantes na realización do exercicio.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a seis (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de tres (5) puntos. Cada resposta correcta cualificarase con 0,50 puntos e por cada dúas erróneas restarase unha acertada (0,50 puntos). As non respostadas ou en branco non restarán

Temario

**A) Parte Xeral:**

- 1.- A Constitución española de 1978. Características xerais, estrutura e contido. Principios constitucionais: o estado social e democrático de dereito.
- 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao Goberno da Comunidade Autónoma.
- 3.- Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local.
4. Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**B) Parte específica:**

- 5.- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- 6.- Ordenanza reguladora do SAF (BOP 24 de xaneiro de 2015)
- 7.- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22 do 2/02/2009)
- 8.- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento. Obxecto. Natureza dos servizos sociais comunitarios. Formas de prestación dos servizos sociais comunitarios. Dereitos e deberes das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios. Servizos sociais comunitarios básicos: natureza dos servizos sociais comunitarios básicos, requisitos xerais dos centros de servizos sociais comunitarios básicos, Funcións dos servizos sociais comunitarios básicos, programas e servizos sociais comunitarios básicos, sistema de coordinación e rede profesional.
- 9.- Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Personal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia. Obxecto. Principios da Lei. Dereitos e obrigas das persoas en situacións de dependencia. Titulares de dereitos. Sistema para a autonomía e atención á dependencia: configuración do Sistema, prestación e catálogo de servizos de atención do



Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, a dependencia e a súa valoración, recoñecemento do dereito, financiamento do Sistema e achega dos beneficiarios. Normativa de desenvolvemento.

10.- Lei 10/2013, do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia. Obxecto. Ámbito subxectivo. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social. Criterio de competencia. Principios xerais de aplicación e interpretación. Normativa de desenvolvemento.

11.- RD 1971/1999 do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade

12.- Xantar na casa.- Definición, obxectivos, características, persoas beneficiarias, implantación do programa, prezo, seguimento do programa, documentación.

13.- Axudas de inclusión social (AIS).- Obxecto e natureza, Tipoloxía das axudas e compatibilidade, Requisitos, Importe e límite das axudas, Documentación, Actuación de oficio, Instrución do procedemento de solicitude, Prazo de resolución, pagamento.

14.- DECRETO 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica

15.- Orde do 18 de agosto de 2000, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **2.- EXERCICIO DE IDIOMA GALEGO**

De carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1 punto, restándose 0,05 puntos por cada falta cometida.

**\*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior que se valorará con 1,00 puntos.**

## **3. Méritos.-**

Por cursos **directamente relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo** impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados:

### **Puntuación máxima 2 puntos.**

- 1.a Cursos de máis de 100 horas.....0,75 puntos.
- 1.b Cursos de 70 a 100 horas.....0,50 puntos.
- 1.c Cursos de 40 a 69 horas..... 0,35 puntos.
- 1.d Cursos de 15 a 39 horas..... 0,20 puntos.
- 1.e Cursos de menos de 15 horas..... 0,10 puntos.
- 1.f Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas.....0,05 puntos.



### ORGANO DE SELECCIÓN:

**Presidente:** Titular: D. José Luis Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Suplente: D<sup>a</sup> Luisa María Couceiro Rodríguez, abogada do CIM de Ribadeo.

### Vogais:

Titular: D.<sup>a</sup> Fiamma Prada Lens, Educadora familiar do Concello de Ribadeo

Suplente: D<sup>a</sup> Verónica Fernández López, Responsable OMX do Concello de Ribadeo.

Titular: D<sup>a</sup> Luisa María Couceiro Rodríguez, abogada do CIM de Ribadeo

Suplente: D<sup>a</sup> María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria municipal do Concello de Ribadeo.

Titular: Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Suplente: Alejandro Segura Bermúdez, Tesoureiro municipal do concello de Ribadeo.

### Secretario con voz sen voto:

Titular: D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Ribadeo, Secretario en funcións da Corporación.

Suplente: Don José A. Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación da Corporación.

### DOCUMENTACION A PRESENTAR.-

Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello), copia DNI/NIF, relación de méritos alegados e xustificante acreditativo suficiente de cada un dos mesmos ( **segundo as esixencias destas bases**)

**Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en orixinais e copia para a súa compulsa ou copia xa compulsada.**

### LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DATA DAS PROBAS E DA SELECCION:

A documentación deberá presentarse como máximo ata as **14 horas do día 21 de xaneiro de 2021** no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello, publicándose ao día seguinte resolución coa lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e/ou web municipal.

**Poderá presentarse tamén a través da sede electrónica da entidade: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal), e se a documentación se presentase a través do rexistro doutra administración deberá comunicarse este extremo ao Concello por fax, correo electrónico ou directamente por escrito aos efectos de poder coñecer tal presentación.**

Ao día seguinte publicarse a resolución coa lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e/ou web municipal: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)

A proba ou probas de selección de persoal e a cualificación dos méritos realizarase o **día 2 de febreiro de 2021 a partir das 10,00 horas** na Casa do Concello, agás que por razóns técnicas ou doutra índole o Tribunal avaliador decida calquera modificación que será comunicada aos



aspirantes.

Os/as aspirantes que resulten seleccionados/as deberán, durante o período de proba, pasar o recoñecemento médico procedente nos servizos médicos de prevención deste Concello co fin de acreditar non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

**Ribadeo, 4 de xaneiro de 2021**

**O ALCALDE,**

**FERNANDO SUÁREZ BARCIA**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE**

